

**Carlos Neves**

Secretario xeral da Asociación dos Produtores de Leite de Portugal (Aprolep)

Propostas para combater a dermatose nodular contaxiosa sen "sacrificio sanitario"

► CONSIDERANDO QUE A DNC NON É UNHA ENFERMIDADE TRANSMISIBLE AOS HUMANOS E QUE EXISTEN VACINAS, A APROLEP APELA AO GOBERNO PORTUGUÉS A QUE ESTABLEZA CONTACTOS A NIVEL EUROPEO CO FIN DE ALTERAR A CLASIFICACIÓN DA ENFERMIDADE A NIVEL COMUNITARIO

Ante a enorme preocupación expresada polos asociados reunidos en Asemblea Xeral o pasado día 3 de febreiro sobre a **dermatose nodular contaxiosa (DNC)** e considerando tamén o coloquio *online* sobre a mesma enfermidade realizado o pasado día 25 de febreiro, a Asociación dos Produtores de Leite de Portugal (Aprolep) considera que é o seu deber lanzar

unha alerta sobre esta enfermidade altamente transmissible por contacto directo entre animais ou a través de vectores como insectos, e que no ano 2025 chegou a Italia, Francia e España, ademais de estar presente de forma endémica no Norte de África, polo que Portugal está cercado pola enfermidade.

Considerando que a **DNC** non é unha doenza transmissible aos humanos e que existen vacinas, a Aprolep apela ao Goberno portugués a que estableza contactos a nivel europeo co fin de alterar a clasificación da enfermidade a nivel comunitario, de xeito que deixe de ser obrigatorio o **sacrificio sanitario** de todos os animais dunha explotación sempre que xurda un caso positivo e sexa permitida a vacinación voluntaria.

O sacrificio de todos os animais representa a perda do medio de subsistencia directa e indirecta de miles de familias ao longo de moitos meses ata que novos animais poidan ser adquiridos, se existisen no mercado. Cada efectivo bovino é o resultado da cría, selección e investimento en xenética ao longo de décadas. Esta forma de combater a enfermidade poderá tamén representar a extinción de razas autóctonas cuxo efectivo é xa moi reducido.

Tendo en conta o risco de contaxio, que se poderá agravar nos vindeiros meses co aumento da temperatura, instamos o Estado portugués a preparar unha reserva robusta de vacinas co obxectivo de actuar rapidamente se xorde algún foco de enfermidade en Portugal. Antes de nada, deben ser implementadas todas as medidas posibles, para que a enfermidade non entre en Portugal.

Debido á falta de información que aínda existe sobre a DNC, propoñemos que sexa efectuada unha campaña de esclarecemento ante os produtores e, sobre todo, ante os transportistas de animais.

De igual forma, suxerimos que sexan establecidas medidas de bioseguridade extremadas en feiras, mercados e exposicións de bovinos, cuxa realización debe ser debidamente ponderada para a avaliación de condicións efectivas para a súa realización.

Finalmente, tamén pensamos que a importación de bovinos debe ser rigorosamente controlada e transcorrer baixo estritas medidas de bioseguridade. ■



FENDT



MASSEY FERGUSON

AGCO
Your Agriculture Company

Prepárate para la campaña con nuestra gama completa de forraje



**AGRÍCOLA
SUÁREZ**

MaxiDeza

rubio
www.maquinariorubio.es

**TALLERES
FERNANDO RIVAS, S.L.**

¡Síguenos en nuestras redes sociales! Red de Concesionarios Galicia @redconcesionariosgalicia